



- Manuela, cóntalle outro... Ai! Doutra ves tamén era...

O sapo foi á pelea co, co raposo, e, a perder na aposta.

E díxolle o raposo:

- Ti non ghanas.

E entonces díxolle el:

- No eu ghánoche.

Pero entonces, o sapo parece parvo, non é así? Parece un parvo parvo, pero foi e enghanchóuselle no rabo, e cando chegharon ó fin onde era a etapa, non sabes? Os bebiclistas inda usan a etapa esa, virouse o raposo decíndolle ó sapo:

- Ti ves?

E díxolle:

- Eu xa tou aquí.

Que, ghindouse do rabo, que o levaba no rabo e ghanoulle a aposta. Un sapo a un raposo, eh! Que che parece?

- Paréceme...
- Mira qué listo.
- Mira qué listo.
- Así que, hasta, hasta os que parecen parvos son aínda listos.
- Eso sí que...
- E logho non?
- Que sí.
- Porque ata eu tamén...